



AGASOL | Asociación de Empresas Galegas de Software Libre



quen somos?

Agasol é unha iniciativa de empresas galegas de software libre que se agrupan nunha asociación para intentar acadar maiores oportunidades de negocio, exercer como interlocutores dun sector en fase expansiva en Galicia e, ao tempo, promocionar un modelo de sociedade do coñecemento no que resulta clave a liberdade para mellorar os programas informáticos e facer públicos e accesibles eses progresos.

A asociación xorde nun momento de efervescencia no que moitas empresas galegas de pequeno e mediano tamaño principian a traballar con software libre. Queremos contribuír a que medren e se consoliden nun ámbito no que a Xunta de Galicia a través do seu Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información asume que é “irrenunciable a adopción por parte das administracións públicas de sistemas informáticos baseados en estándares abertos”.

Empresas que conforman Agasol

→ O modelo de negocio do software libre entende o software como un servizo e non como un produto (Martin Varsavsky, fundador de Jazztel, Ya.com e Fon)

ABERTAL	INFOREDE
AITIRE	INTERACCIÓN
ALLENDA	PEXEGO
BORA TELECOM	QUERES
CONEXIONA	REDEGAL
CORUNET	SCA INFORMÁTICA
DIMENSIONA	SIGNO
EGALCOM	SIXTEMA
IGALIA	TEGNIX
IMAGOS	TRABE SOLUCIONES
ILUMAX	ULTREIA COMUNICACIONES
IMAGOS	WIRELESS GALICIA

que queremos?

Agasol parte de inicio coa intención de cumprir tres obxectivos:

- a) Promocionar o Software Libre como ferramenta válida para desenvolver a sociedade da información en Galicia.
- b) Servir de interlocutor ante a Administración Pública galega para apoiala e asesorala no proceso de migración e implantación de Software Libre e estándares abertos.
- c) Fomentar e organizar a colaboración entre os seus socios, de maneira que poidan facilitarse e xerarse novas oportunidades de negocio.

Para acadar estes fins Agasol propónse levar a cabo de face á sociedade galega actividades de promoción de software libre, cursos, proxectos de investigación ou xornadas de difusión.

→ Dell, o maior fabricante de computadores a nivel mundial, xa decidiu incorporar nos seus equipos software libre preinstalado. Hewlett-Packard traballa nese senso



que é o software libre?

O concepto de software libre alude á liberdade para executar, copiar, distribuír, estudar, cambiar e mellorar o software, de non estar atado ao pago dunha licenza para usalo ou renovallo. Non incumbe ao prezo da aplicación, pero si se diferencia do denominado privativo en que non é preciso pagar unha licenza por empregalo e que pode aplicarse sen renovar custos nun número ilimitado de equipos.

A Free Software Foundation define dun modo máis preciso catro liberdades dos usuarios do software:

- A liberdade de usar o programa, con calquera propósito.
- A liberdade de estudar como funciona o programa, e adaptalo a unhas necesidades concretas grazas ao acceso ao código fonte.
- A liberdade de distribuír copias e axudar aos demais.
- A liberdade de mellorar o programa e facer públicas as melloras aos demais, de tal xeito que toda a comunidade poida beneficiarse.

O software libre é tamén unha aposta pola independencia tecnolóxica, polo coñecemento xerado por compartir tecnoloxía, unha garantía de operatividade e soporte a longo prazo porque o desenvolvedor non ten a necesidade de converter en obsoletos os seus produtos para dar continuidade a unha espiral comercial. É sinónimo de seguridade porque existe liberdade para acceder ao código fonte, de fluidez para corrixir posibles erros, de personalización, de non atarse a un provedor.

O mercado para os desenvolvedores de software libre está na comercialización ou na entrega de servizos asociados. O cliente non debe pagar por usar o software, senón polos servizos de asistencia técnica, de capacitación e pola implementación de novas características ou a corrección de erros ou defectos. Para moitos clientes isto significa un gran aforro e unha maior independencia: non deben pagar licenzas nin acceder á piratería e poden adaptar completamente os seus sistemas ás súas necesidades.

un obxectivo de todos

Agasol sae a escena nun momento no que desde os poderes públicos comezan a darse pasos en favor do uso de software libre. Neste contexto as empresas galegas do sector reaccionan para converterse en interlocutores da Administración e conseguir o obxectivo pautado por elas de aforrar custos e optimizar rendementos.

En Galicia, a Xunta impulsou en novembro de 2006 o Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información. Nel apúntase a importancia do software libre como valor a explotar para o desenvolvemento do sector TIC da nosa comunidade, vital para converxer co resto da Unión Europea en materia de novas tecnoloxías.

O Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información cualifica de “irrenunciáble” a adopción por parte das administracións públicas de sistemas informáticos baseados en estándares abertos. E comprométese a formar aos funcionarios no uso destas ferramentas. Entre os obxectivos do Plano Estratéxico figura o de acadar que os portais web da Xunta estean desenvolvidos con ferramentas libres. Tamén postula que se impulse o uso de software libre en deputacións e concellos.

Neste compromiso a Xunta argumenta como un dos motivos para apoiar o software libre o factor da seguridade -“a lei obriga aos poderes públicos a garantir a seguridade dos datos dos cidadáns gardados en aplicacións informáticas, algo que se pode lograr eficazmente con ferramentas abertas”, explícase no Plano Estratéxico- a promoción dunha industria galega de software, e a redución de custos e a normalización do idioma galego na tecnoloxía.



Pero a pesar destas boas intencións, en moitos ámbitos da Administración seguen escravos de tecnoloxía que require o pago de canons. E custa romper esas dependencia. Case á vez que se publicaban as conclusións do PESGI nas que se apuntaba que a Administración primaría aos programas libres nas convocatorias de adquisición de tecnoloxía, o Servizo Galego de Saude sacaba a concurso público unha dotación de 600.000 euros destinados a pagar licenzas que caducan en dous anos.

A nivel nacional, o Congreso dos Deputados aprobou en decembro de 2006 unha proposición non de lei presentada polo grupo socialista na que se instaba ao Goberno a impulsar a promoción do software libre en base á súa solvencia, baixo custo, seguridade e funcionalidade. “O software libre pode ser utilizado logo de desaparecer a empresa ou grupo que o elaboraron, xa que calquera técnico informático pode continuar co seu mantemento, desenvolvemento, uso, mellora e adaptación. Fomenta a independencia tecnolóxica, a competencia, a liberdade de opción no mantemento e unha maior oferta de formación competitiva”, explicou desde a tribuna do Congreso a deputada Lourdes Muñoz, relatora da proposición, que reivindicou que as solucións de software que se busquen desde a Administración deben de basearse en criterios de racionalidade técnica e económica.

→ O Plano Estratégico Galego da Sociedade da Información plantea o obxectivo de que o peso do sector TIC no PIB galego pase do 3,4% actual ao 7% no 2010



A proposición aprobada deixa claro, tamén, que no ámbito do ensino e a formación, a Administración debe promover a educación nos estándares abertos e na independencia tecnolóxica.

Tamén desde o Tribunal de Contas aludiuse á “importancia” de que a Administración leve a cabo unha seria reflexión sobre a conveniencia de usar software libre nos seus sistemas. Entre as vantaxes do soporte libre, o Tribunal reconece o “importante aforro económico” que obtería a Administración, “dado o elevado custo que que supón na actualidade a adquisición e o mantemento das licenzas de software propietario”, así como a liberdade que outorga ao usuario para proceder á mellora, adaptación e modificación do programa, en caso que as circunstancias o requirisen.

→ O software libre beneficia á administración na medida en que supón vantaxes en canto a custos de licenzas, máxima posibilidade de adaptación sen depender de provedores únicos e coa participación de empresas locais, uso de estándares e de formatos abertos que non supoñan trabas aos usuarios dos seus sistemas



apostas polo software libre

→ Extremadura usará 'software' 'libre' nos 10.000 ordenadores da administración.

www.elpais.com/articulo/internet/Extremadura/usara/software/libre/10000/ordenadores/administracion/elpportec/20060803elpepnet_5/Tes

A estremeña é a primeira Administración Pública española que dá o salto definitivo ao software libre, o que é considerado polos organismos internacionais como o “paso máis importante” para favorecer a innovación tecnolóxica e reducir a dependencia respecto de aplicacións propietarias non compatibles [...]

Entre as vantaxes que Extremadura espera gozar por utilizar software libre e formatos estandarizados atópase a perennidade, isto é, que a Administración teña a garantía de poder conservar todos os seus documentos por tempo indefinido, sen que futuras actualizacións do software fagan que os documentos antigos non poidan lerse coas novas ferramentas. [...] O conselleiro de Infraestruturas e Desenvolvemento Tecnolóxico estremeño, Luís Millán Vázquez de Miguel calcula tamén que a Xunta aforrará moito diñeiro co salto ao software libre, con cifras que poderían acadar varios millóns de euros.

→ O Concello de Zaragoza aforrará cada ano preto dun millón de euros co software libre.

http://cmisapp.zaragoza.es/ciudad/noticias/detalleM_Noticia?id=27560

Este proceso, que estará completo a finais de 2008 tras superar as fases de comunicación, formación e implantación, xorde da necesidade de modernización das aplicacións informáticas dos computadores do Concello e do compromiso por impulsar o software libre de acordo con recomendacións nacionais e europeas.

O software libre que implantará o Concello non require pagos anuais en concepto de licenza e, debido a características técnicas tales como un reducido “peso virtual” e a súa actualización automática, permite unha maior vida útil dos equipos informáticos. Todo iso tradúcese nun considerable aforro de entre 800.000 e 1.000.000 de euros cada ano [...] O Concello considera que a migración a software libre supón unha independencia tecnolóxica sen parangón xa que evita unha relación exclusiva cun único provedor ou fabricante co que se defende o interese xeral da cidade.

→ O Ministerio de Educación francés migra os sus servidores a Linux.

<http://www.lafllecha.net/canales/softlibre/noticias/el-ministerio-de-educacion-frances-migra-2500-servidores-a-linux>

Co fin de evitar os custos crecentes asociados ás licenzas propietarias e os ciclos de actualizacións impostos, o Ministerio Francés de Educación decidiu migrar a solucións de software e hardware baseadas en estándares open source, asegurando a interoperabilidade e a independencia do provedor para os seus sistemas de Tecnoloxías da Información. O Ministerio de Educación Francés estaba satisfeito, a nivel xeral, coas solucións ofrecidas polos seus anteriores sumistradores, pero estaban limitados polo alto custo do hardware, as licenzas, soporte e o desenvolvemento das aplicacións de negocio.

empresas asociadas

abertal

axuda na era da comunicación



Abertal Networks ofrece servizos de consultoría estratéxica, ferramentas e infraestruturas a medida para que os seus clientes poidan incorporarse á era da comunicación en campos como os do comercio electrónico, o deseño e desenvolvemento de portais web. Abertal conta ademais cunha ampla experiencia no sector turístico e Internet.

Liñas de actividade

- Consultoría web. Desenvolvementos modulares para permitir a xestión web.
- Labor de asesoramento e consultoría en novas tecnoloxías tanto a empresas como a institucións públicas.
- Desenvolvemento de software a medida. Programas de xestión comercial utilizables mediante PDA.
- Formación. Cursos a empresas e institucións no eido das Novas Tecnoloxías, mesmo a través dun campus en liña propio.



Abertal Networks
Rúa Fomento 21-23, 3º
15100 Carballo (A Coruña)
Tel: 981 75 78 15
info@abertal.com

www.abertal.com

aitire

servizos informáticos para pemes



Dun garaxe a unha oficina na rúa do Príncipe, o cambio na contorna de traballo de Aitire ilustra a evolución dunha empresa orientada a prover de servizos informáticos ás pemes. Especializada na xestión de servidores, control de dominios e desenvolvementos e implantacións de Intranets, Aitire aposta pola seguridade a partir de estándares abertos.

Liñas de actividade

- Sistemas de Intranet e solucións para todos os problemas informáticos a partir dun mantemento Integral deseñado para aquelas empresas que non dispoñen de departamento informático.
- Migración de sistemas e adaptación a contornas de software libre que aforren o custe de licenzas
- Control de acceso a Internet. Navegación segura. Telefonía IP e por Internet.
- Adaptación á Lei Orgánica de Protección de Datos.



Aitire
Rúa Príncipe, 34
Principal - Oficina 3
36202 Vigo
Tel: 986 16 30 50

info@aitire.es

www.aitire.es

allenta

soluciones no contorna linux



Caixa Galicia ou Fadesa figuran entre os clientes de Allenta, compañía presente na Coruña e Ourense que ofrece servizos especializados de consultoría para organizacións con sistemas críticos e que fai énfase nos campos de seguridade e alta dispoñibilidade de servizos de infraestrutura. Allenta especialízase no deseño, mantemento e administración de sistemas de grandes organizacións e aposta de forma decidida pola contorna Linux para cimentar infraestruturas seguras. Para asegurar a calidade dos seus servizos, Allenta co apoio de partners tecnolóxicos como IBM e a colaboración con provedores de distintos elementos dos sistemas sobre os que actúa.



Allenta Consulting
Enrique Mariñas. 36 - 2º - Oficina 8
15009 A Coruña
Tel: 881 922 600

info@allenta.com


www.allenta.com

Liñas de actividade

- Sistemas de firewall/rede VPN IPSec a nivel corporativo para organizacións multinacionais.
- Detección de intrusión e análise de incidentes de seguridade para entidades bancarias.
- Sistemas de backup corporativo e de filtrado de correo.

bora telecom

comunicacións para empresas



Bora Telecom é o froito da inquietude de dous enxeñeiros de telecomunicacións por ofrecer un servizo en consultoría en informática e comunicacións ás empresas, preferentemente ás pemes. En especial céntranse na implementación e mantemento de centrais telefónicas baseadas no software libre Asterisk.

Liñas de actividade

- Comunicacións integrais para empresa. Estudo de custos de migración a VoIP. Estudo de necesidades, instalación e integración na rede existente, soporte e mantemento.
- Configuración e adaptación ás necesidades do cliente do sistema operativo Linux. Execución de proxectos hardware e software incluíndo instalación e configuración de servidores web, de correo electrónico ou firewalls.
- Instalación de todo tipo de redes. Conexión a internet, instalación e integración de redes cableadas e sen cable (wireless). Solucións tipo para comunidades de veciños, escolas, centros de congresos, hoteis e oficinas



Bora Telecom
A Cardosa, 6
36154 Pontevedra
Tel: 986 843 203

info@boratelecom.com

www.boratelecom.com

conexiona

Centrales telefónicas basadas en software libre



Conexiona é unha compañía integrada no Parque Tecnolóxico de Galicia. A súa actividade principal oríentase cara á consultoría e instalación de centrais telefónicas de voz IP sobre software libre, máis en concreto sobre Asterisk. O seu equipo técnico, formado por enxeñeiros do máis alto nivel, está capacitado para ofrecer as máis variadas solucións, desde o máis básico desenvolvemento de networking, até os sistemas máis complexos de converxencia IP. Igualmente instala e configura todo tipo de servidores de datos.

Líñas de actividade

- Solucións en Voz IP para empresas.
- Desenvolvemento e implantación de centrais baseadas en Asterisk.
- Instalación e xestión integral de todo tipo de servidores.



Conexiona Telecom S. L.
Edificio CEI - num. 47
Parque Tecnolóxico de Galicia.
32900 S. Cibrao das Viñas (Ourense)
Tel: 988 36 81 70 Ext. 6170
comercial@conexiona.es

www.conexiona.es

corunet

servicios globais en internet



Corunet busca solucións para empresas e institucións con necesidades en internet, que desexen ter unha presenza útil e rendible na rede ou mellorar os seus procesos de negocio a partir das vantaxes que ofrece internet. Para conseguilo definen estratexias personalizadas á medida de cada cliente, ao que ofrecen xestores de contidos de desenvolvemento propio.

Liñas de actividade

- Desenvolvemento de Intranets y Extranets.
- Desenvolvemento e implantación de proxectos de comercio electrónico en calquera das suas formas. Asesoría para a venda de produtos en Internet: software e hardware; loxística; pasarela de pagos; mercadotecnia e publicidade; seguridade e certificacións; lexislación en Internet.
- Integración de sistemas.
- Fotografía inmersiva. Tecnoloxía para reproducir escearios reais e virtuais con técnicas fotográficas avanzadas.
- Presentacións multimedia.



Corunet
C/Sor Joaquina 2-4, entreplanta
15011 a Coruña
Tel: 981 16 01 33
corunet@corunet.com

www.corunet.com

dimensiona

consultoría tecnolóxica



Dimensiona Consultoría Tecnolóxica iniciou a súa traxectoria no ano 2000 e orientou o seu traballo á resolución de cuestións relacionadas coa informática, a telefonía, as telecomunicacións ou Internet. Co tempo enfocouse cara ao desenvolvemento de aplicacións informáticas como son os sistemas de tradución automática, os cadros de mandos integrados ou os sistemas de publicación web.

Liñas de actividade


- Solucións en Internet. Deseño, montaxe e mantemento de espazos web.
- Aplicacións inalámbricas. Desenvolvemento de software para PDA
- Asesoría na adquisición de equipos. Integración de software.
- Telecomunicacións. Estudio de sistemas y recursos de telefonía. Asesoría, planificación e implementación de redes locais ou sen fíos.
- Aproveitamento de Internet. E-commerce.



Dimensiona
Rúa Valiño, 67 - Bajo
15703 Santiago
Tel: 981 56 45 79
info@dimensiona.com
www.dimensiona.com

egalcom

solucións informáticas



Egalcom ofrece asesoramento especializado ao tecido comercial e empresarial no ámbito das telecomunicacións e a informática, involucrándose no deseño, implantación e mantemento de solucións a medida das necesidades de cada cliente. Así, desenvolve software a medida para empresas a partir dun amplo estudo personalizado que serve para matizar que repertorio de solucións poden axudar a rendibilizar un negocio e optimizar os seus recursos. Egalcom conta cun cualificado servizo de mantemento mediante o cal lle ofrecemos a cobertura de toda a súa infraestrutura informática e de comunicacións.

Liñas de actividade

- Desenvolvemento de ERP a medida para xestión empresarial.
- Solucións web integrais. Portales web y alojamiento.
- Solucións para interconectar os equipos e/ou sedes do cliente mediante as máis diversas tecnoloxías: Ethernet, redes sen fíos, redes privadas virtuais (VPN), acceso de banda larga mediante tecnoloxías xDSL, vía satélite, etc.



Egalcom
Avda. de Algeciras, 39. Entrechán B
15510 Neda (A Coruña)
Tel: 902 998 518

egalcom@egalcom.com

www.egalcom.es

igalia

free software engineering



Community.



Code.



**User
Experience.**



Mobility.

Igalia é algo máis que unha compañía especializada no desenvolvemento de software libre, é unha aposta por un estilo determinado de concibir a empresa a partir dun modelo de organización asembleario que aproveite a capacidade da trintena de enxeñeiros que a conforman. A metade do seu traballo factúranos con clientes de fóra de España, moitos deles de carácter multinacional. Ofrecen, xa que logo, software libre desde Galicia para o mundo.

Liñas de actividade

- Elevado compromiso coa iniciativa GMAE (GNOME Mobile and Embedded Initiative) da que Igalia é membro fundador, e que consiste nun esforzo conxunto de desenvolvedores e empresas para mellorar a tecnoloxía GNOME como plataforma líder no desenvolvemento para terminais móbiles e base de sistemas como PDAs ou smartphones.

A experiencia de Igalia céntrase na plataforma para móbiles Maemo e no framework libre Fistera e, en xeral, na mellora das ferramentas para o teste e o control de calidade do software en plataformas móbiles.



igalia

Igalia
Edificio CITIC
Campus de Elviña s/n
15071 A Coruña
Tel.: 981167000 ext 5509-5510

C/ Italia, 37, of. 9
Urbanización Monteporreiro
36162 Pontevedra
Tel.: 986 107610

info@igalia.com

www.igalia.com

ilumax

tecnoloxía innovadora



Ilumax Software ten o obxectivo de ofrecer aos seus clientes solucións flexibles e eficientes ademais dun servizo de consultoría integral mediante o uso de tecnoloxías baseadas en código aberto. Ilumax é partner oficial de Openbravo, o sistema de xestión empresarial integrado (tamén coñecido como ERP) en software libre e contorna web que ofrece unha proposta de valor radicalmente distinta proporcionando moito máis por moito menos.

Líñas de actividade

- Implantación de solucións (ERP, ECM y CRM).
- Comercio electrónico, ferramentas de xestión de contidos e servizos Web.
- Desenvolvemento e implantación de aplicacións empresariais a medida.
- Redes (Intranets, Wireless).
- Consultoría estratéxica.



Ilumax Software
Rúa Agricultura (O Ceao), num, 36
27003 Lugo
Tel: 695 67 86 88

info@ilumax.com

www.ilumax.com

imagos

soluciones tecnológicas para pemes



Imagos quiere hacer chegar ás empresas as melloras tecnológicas derivadas do uso de software libre e as melloras sociais que proveñen dos seus principios. A partir desta filosofía abrangue todas as necesidades dos seus clientes nos campos das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), seguridade informática, comercio electrónico, computación, deseño gráfico... Son creadores e líderes de Trisquel, un proxecto de sistema operativo libre en galego que ofrece unha versión especialmente desenvolvida para pemes.

Liñas de actividade

- Administración de sistemas e consultoría en seguridade, redes e comunicacións.
- Hosting especializado, deseño e implantación de portais corporativos
- Software de xestión á medida. Plataformas para empresas (Trisquel GNU/Linux edición PeME)
- Plataformas de teleformación e traballo en grupo. Sistemas VoIP



Imagos Soluciones Tecnológicas
Parque Tecnológico de Galicia,
Rúa Galicia nº4
32911 San Cibrao das Viñas
(Ourense)
Tel: 988 36 81 13

info@imagos.es

www.imagos.es

inforede

servizos informáticos



Inforede ten claro que o camiño da innovación tecnolóxica pasa por simplificar ao máximo o traballo dos clientes. E nesa certeza redobra a súa aposta polo software libre pola súa seguridade e fiabilidade e tamén por un modelo de negocio que medre a partir da difusión e as vantaxes do código aberto. Os seus principais clientes son pemes galegas interesadas en aforrar o prezo das licenzas e obter un servizo personalizado.

Liñas de actividade

- Aloxamento e dominios, deseño de páxinas e portais web.
- Servidores Linux a medida. Redes.
- Software a medida con interface web.
- Terminais de Punto de Ventas baixo tecnoloxía libre para comercio e hostalería.
- Comercialización e reparación de equipos.



Inforede
Rúa Víctor García, 21 - 1ºB
36640 Pontecesures (Pontevedra)
Tel: 986 556 340

ramon.pena@inforede.info

www.inforede.es

pexego

soluciones avanzadas para Internet



Pexego nace en Lugo a partir dunha división tecnolóxica dun grupo de investigación da Universidade de Santiago e enfoca o seu labor cara ás novas tecnoloxías da información e as comunicacións grazas ao labor dun grupo multidisciplinar de profesionais (analistas, programadores, pedagogos e deseñadores).

Liñas de actividade

- Realización de simuladores virtuais que vía web permiten reproducir de xeito fiel o funcionamento dunha maquinaria complexa ou dunha cadea de produción.
- Especialistas en formación on-line, tanto en tecnoloxía e soporte como en realización de contidos. Xestión de instalación e mantemento da plataforma tecnolóxica LUCUS (propia e libre).
- Produción de software a medida. Desenvolvemento de aplicacións (xestión, localización, comercio, catalogación, ERP, difusión) baseadas en tecnoloxías web on-line e off-line.




Pexego Sistemas Informáticos
Avda. da Coruña, 490 (Centro de
Empresas e Innovación-Nodus)
27003 Lugo
Tel: 982 80 15 17

info@pexego.es

www.pexego.es

queres

soluciones open source para empresas



Queres é unha consultora en tecnoloxías da información especializada no desenvolvemento de software, especializada en adaptar solucións Open Source para o ámbito empresarial. Queres concibe a súa actividade como algo máis que a construción de software porque comeza a través de estudos de viabilidade, análise e deseño e teñen continuidade na adecuada xestión do cambio, plans de comunicación, implantación e soporte especializado.

Líñas de actividade

- Consultoría en tecnoloxías da información
- Creación y desenvolvemento de software a medida.
- Administración de sistemas e servidores en calquera sistema operativo.
- Cursos de formación en diseño. arquitectura e construción de software.
- Solucións en xestión documental corporativa para facilitar a captura e almacenamento de documentación.



Queres
Avda. de Finisterre, 327 - 2º
15008 A Coruña
Tel: 981 90 90 10
info@queres.es

www.queres.es

redegal

novas tecnoloxías para a produtividade



A filosofía de Redegal é a de conseguir que calquera empresa ou profesional poida acceder ás vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías para aumentar a súa produtividade. Para iso ofrece unha serie de servizos en campos que abranguen campos como as aplicacións de xestión empresarial, a seguridade informática e a migración, instalación e configuración de servidores baseados en GNU/Linux ou o deseño web e gráfico.

Liñas de actividade

- Servizo técnico de asistencia integral en informática, instalación e ampliación de redes e sistemas.
- Implantación e xestión de varios sistemas de e-learning baseados en software libre.
- Aplicacións a medida para empresas (contabilidade, facturación, xestión de vendas e almacén, catálogos).
- Implantación de medidas de seguridade.
- Redes wi-fi baixo software libre



Redegal
Telleira, 11. Entrechán
32004 Ourense
Tel: 988 54 98 58

info@redegal.com

www.redegal.com

SCA informática

soluciones basadas en código abierto



SCA Informática é unha empresa lucense especializada en ofrecer solucións tecnolóxicas a partir do emprego de Linux e Software Libre. Dispoñe dun servizo integral de xestión tecnolóxica que abrangue desde consultoría e deseño ata integración de solucións tecnolóxicas e soporte de infraestructuras informáticas.

Liñas de actividade

- Aplicacións a medida co emprego de ferramentas libres como LAMP e o framework Django.
- Gran variedade de opcións para ter presenza en internet, rexistro de dominio, deseño da páxina web, hosting en servidores, soporte técnico, e-Commerce (Comercio Electrónico), e-Learning (Teleformación).
- Servizo de soporte técnico a medida. SCA Informática pode facerse cargo de toda a xestión informática dunha empresa ou institución ou mediante outsourcing.
- Comunicacións sen fios. Formación presencial ou teleformación. Plataforma e-learning.



SCA Informática
Pazo de Feiras e Congresos. s/n.
O Palomar
27001 Lugo
Tel: 982 250 792

info@sca-informatica.com

www.sca-informatica.com

signo

enxeñería do territorio



O traballo de Signo desenvólvese no ámbito da consultoría e a enxeñería, pero sempre en relación coas disciplinas vencelladas ao Territorio, á Información Xeográfica e ás novas Tecnoloxías da Información. Xunto cos seus clientes, Signo fomenta as relacións con outras institucións e empresas para que a través delas se produzan sinerxias que posibiliten o desenvolvemento do coñecemento e a súa aplicación na execución de novos proxectos. Así mantén unha colaboración permanente coa Universidade de Santiago de Compostela e aposta por unha política de colaboración con empresas de reconocido prestixio a nivel nacional e internacional, o que lle conduce a un continuo proceso de mellora e aprendizaxe.

Liñas de actividade

- Tecnoloxías da Información Xeográfica. Desenvolvemento de aplicacións para clientes web e escritorio. Consultoría. Elaboración de Cartografía. I+D+i

- Área de Consultoría e Territorio. Avaliación Ambiental Estratéxica. Estudos Medioambientais para as distintas figuras de planeamento. Estudos de Impacto Ambiental. Educación Ambiental



Signo

Rúa das Camelias - Portal II - 3º D
15895 Milladoiro - Ames (A Coruña)
Tel.: 981 53 19 94

signo@signo-geo.com

www.signo-geo.com

sixtema

ferramentas de sistemas de información xeográfica



Sixtema é unha empresa orientada ás novas tecnoloxías cuxo obxectivo principal é o desenvolvemento de novas ferramentas no campo da informática e os Sistemas de Información Xeográfica, con especial interese na súa aplicación ao medio ambiente. Sixtema dedica boa parte dos seus recursos a proxectos de I+D+i en colaboración con outras empresas ou centros.

Liñas de actividade

- Aplicacións informáticas a medida.
- Catalogos GIS. Publicación de cartografía en Internet.
- Desenvolvementos web.
- Tratamento de Sistemas de Información Xeográfica para realizar análise e toma de decisións.
- Mapas de ruído ambiental e estudo de emisións sonoras. Modelizacións e simulacións 3D.
- Cursos de formación.



Sixtema
Rúa Tomiño, 17 - Bajo Izquierda
15703 Santiago
Tel: 981 57 47 24

info@sixtema.es

www.sixtema.es

tegnix

consultoría tecnolóxica e informática



Tegnix nace da experiencia dos seus promotores en organismos públicos e na atención á demanda de solucións informáticas. A partir desta bagaxe canalizaron as súas inquedanzas cara ás posibilidades que ofrece o software libre e lanzáronse á aventura de abrir unha consultora tecnolóxica cun mercado caracter social e integrantes multidisciplinares con ampla experiencia profesional e colaborativa.

Líñas de actividade

- Instalación, configuración e mantemento de servidores en hosters e pemes.
- Migracións de software propietario a libre, deseños web.
- Consultoría e formación a todos os niveis: usuario, administrador, programador, seguridade.
- Configuración de servidores. Xestión e configuración de redes corporativas.
- Plataformas de comercio electrónico e implantación de plataformas de e-learning.



Tegnix
Santa Catalina, 32 - 4º entrecán
15003 A Coruña
Tel: 637 568 149

tegnix@tegnix.com

www.tegnix.com

trabe soluciones

soluciones en Tecnoloxías da Información



Desde o ano 2006 e avalada pola Universidade dá Coruña, Trabe ofrece servizos de desenvolvemento, consultoría e formación en Tecnoloxías da Información. O ámbito de traballo da empresa abarca todo tipo de proxectos de enxeñaría informática, desde o desenvolvemento áxil de aplicacións web até labores de consultoría. Trabe fomenta o uso de software libre e a participación activa na comunidade de desenvolvemento.

Liñas de actividade

- Implantación e desenvolvemento a medida de sistemas xestores de contidos, plataformas de ensino on-line, sistema documentais e de xestión do coñecemento, repositorios de ficheros e plataformas de comercio electrónico.
- Desenvolvementos a medida.
- Servizo de consultoría e asesoría. Plans de expansión tecnolóxica.
- Proxectos de outsourcing.
- Seminarios e cursos a empresas en tecnoloxías de desenvolvemento e Tecnoloxías da Información.



Trabe Soluciones S. L.
R/Arzobispo Lago, 4-6, 1º Izq
15004 A Coruña
Tel: 981 91 41 91

contacto@trabesoluciones.com

www.trabesoluciones.com

ultreia comunicacións

infraestruturas informáticas



Tras un percorrido iniciado en 2002, Ultreia consolidouse como unha das empresas de referencia en consultoría Linux do sur de Galicia. Os seus clientes van desde todo tipo de pemes a compañías punteiras no sector da automoción como Dayco Ensa ou o grupo Precisgal. Tamén traballa para o ámbito académico (grupo COM, Universidade de Vigo) e institucional (Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo) e aborda nestes momentos un proxecto para desenvolver sistemas de posicionamento GPS en Linux para o Porto de Vigo. Ultreia ofrece solucións completas para que o cliente poida concentrarse no seu negocio.

Liñas de actividade

- Especialización en infraestruturas e servizos de seguridade, comunicacións e mantemento de servidores UNIX.
- Seguridade informática. Sistemas de cortalumes e detección de intrusos.
- Sistemas para intercomunicar sedes de empresas ou provedores, servizos de acceso remoto para comerciais e redes wi-fi seguras.



Ultreia
Avda. Castrelos 234, oficina E
36210 - Vigo
Tel: 986 24 33 24

info@ultreia.es

www.ultreia.es

wireless galicia

consultoría e desenvolvemento tecnolóxico



Wireless Galicia nace no ano 2004 a partir do traballo dun equipo de profesionais do sector das TIC coa misión de ofrecer ós seus clientes solucións globais e avanzadas no campo de Internet e as Novas Tecnoloxías. Con actividade contrastada en diferentes ámbitos de actuación, Wireless Galicia centra os seus esforzos no desenvolvemento de solucións abertas e accesibles, conxuntando factores como deseño, innovación, seguridade e por enriba de todo, excelencia no servizo ao cliente.

Liñas de actividade

- Deseño Web, desenvolvemento de portais corporativos e aplicacións de xestión a medida. Integración de solucións open source: Joomla, Egroupware, Sugar CRM, Oscommerce, Moodle.

-Servizos de telefonía e VoIP sobre Asterisk. Ampliación de sistemas analóxicos e/ou dixitais con novas liñas de VoIP. Sistemas de tarificación.

-Instalación e configuración de servidores GNU/Linux.

-Consultoría, implantación e mantemento de redes Wifi/Mesh/Wimax



Wireless Galicia
Avda. Finisterre, 327 - 2º
15008 A Coruña
Tel: 981 900 103

Colón, 20 - baixo
36201 Vigo
Tel: 986 446 322

info@wirelessgalicia.com

www.wirelessgalicia.com